



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Esta noite fun ó faro,
sete rapasas e i-eue
elas non sabían nada,
tod´ó traballo fui meu-e.

Unha vella de sen anos,
un vello de sento dous-e
tratáronll´o casamento
e abrazáronse os dous-e.

Esta nuit´a maila i-outra
a maila outra pasada
abalei unha pereira
que nunca fui abalada.

Cada ves que haso la cama
maldiso a la suerte mía:
¿Para que te quiero, cama,
se no tenco compañía?

A mujer qu´ama dos hombres
n-es loca que es entendida
cand´unha vela se apagha
outra quedall´ensendida.

Estimábase-lo clavo
donde colgha-lo candil,
pra ve-lo seu peit´hermoso
cando se vai a dormir-e.

O cur´a maila criada
ordenaron de cosere
tiñan a leña no monte
e a fariña por moer-e.

O novio e maila novia
iban polo camp´arriba,
dixoll´o novio á novia:
“qué ben che ta i-a mantilla”.

No pueblo de Domeanso
hai unha pedra furada
pra se sentaren os mosos
cando vén de fuliada.



No pueblo de Domeanso
hai unha pedra de asento
pra se sentaren os mosos
día do seu casamento.

O cura chamoume rosa,
eu tamén lle respondín:
“Destas rosas, señor cura,
non as tén no seu xardín”.

Anque che son de Baíñas
da color da carrasqueira,
tamén sei toma-lo viño
com’os ghuapos da rebeira.

Vamos d’aquí a Baíñas
qu’aló é terra de Dios,
sementan o trigh’atrás
cólleño a canda vós.

/:Domeanso, sale a luna:/
e no lughar de Baíñas
a’strela de la fortuna.

...e pra cantar-e carantoña
e pra muchachas honradas
Baíñas que ten a sona.

/:Baíñas é de valor-e:/
ei de morrer en Baíñas
ou por alí aredore.

Unha muller sendo soa,
¡ai, qué linda camarada!
a i-hora que lle paresa
fai o que lle dea a ghana.